



Acta de inspección de servizos sociais

Número de acta	A-486/2024
Data	29/04/2024
Número de páxinas	4

Entidade titular	E-2290 SANITAS MAIORES SL
Representante legal	[REDACTED] (REPRESENTANTE LEGAL)
Entidade xestora	
Representante legal	

Centro/programa inspeccionado	RESIDENCIA PARA PERSOAS MAIORES SANITAS RESIDENCIAL				
Enderezo	RUA SANTO TOMAS 9-11B		Teléfono	981903385	
Código Postal	15002	Concello	CORUÑA (A)	Provincia	CORUÑA (A)
Número de centro / programa	E-2290-C-1	Tipoloxía	GRAN CENTRO RESIDENCIAL	Prazas autorizadas	127

Persoal inspector	[REDACTED]
-------------------	------------

Resultado da inspección:

En canto ás instalacións:

1º.- O estado de conservación das instalacións e do equipamento non é adecuado, toda vez que:

- Moitas das portas da entrada das habitacións rozan o chan, deixando raído o mesmo.
- No chan dalgunhas habitacións (exemplo a 409) e nos corredores obsérvanse manchas incrustadas na superficie.

Procederán ao arranxo das ditas deficiencias co obxecto de que os centros presenten un correcto estado de conservación e mantemento.



En canto ao funcionamento:

2º.- Na mostraxe realizada sobre o Plan de Atención Individual (PAI) das persoas usuarias -MCOM (****429S); JRPG (****813)- obsérvanse as seguintes incidencias:

- A definición dos obxectivos están máis orientados ao funcionamento do persoal que á finalidade a conseguir coas persoas usuarias. Asemade, noutros casos están definidas actividades sen ter de referencia o obxectivo definido.

Requíreselle a revisión dos PAIs coa correcta elaboración dos obxectivos e actividades acordes aos mesmos.

3º.- Non acreditan os rexistros de hixiene bucal e corte de unllas específicos. Segundo declaran as persoas que atenden á inspección inclúen, estes están incluídos no rexistro xenérico de hixiene.

Requírese novamente a inclusión destes coidados no rexistro detallado de actividades da vida diaria das persoas usuarias. Por este concepto xa foi requirida a entidade xestora nas actas A-61/2020, A-150/2021 e A-660/2023.

4º.- Na data da inspección, arredor das 11.00 horas con carácter previo a que o comedor da residencia fora limpadado tras o almuerzo, constátase a presenza dunha pastilla no chan e un colirio monodosis. Requírese extremen a precaución neste senso, supervisando as tomas de medicación e o seu efectivo asentamento no rexistro que teñen implementado.

5º.- Segundo a información facilitada pola enfermería, no centro residen seis persoas usuarias que presentan úlceras, porén, non se está a rexistrar, entre outras, as medidas e a evolución das UPP conforme ao Protocolo da Inspección. Deberán elaborar e implantar no funcionamento do centro un rexistro de úlceras no que consten os seguintes datos mínimos: tipo de úlcera, localización, inicio, estadio, dimensión, data da cura, obxectivo, tratamento, evolución, coidados específicos, así como a sinatura da persoa que realiza a cura.

6º.- O centro conta con profesionais coa formación adecuada para prestar os servizos básicos de rehabilitación menor e estimulación cognitiva, establecidos na Orde do 18 de abril de 1996. Porén, constátase que non se están realizando de forma correcta os rexistros das actividades deseñadas para a consecución dos obxectivos definidos nos PAI, tal e como se observa nos casos de JRPG (****813), MCOM (****429S) ou ABB (****331L). Esta última, por exemplo, conta con 7 rexistros de terapia ocupacional durante o ano 2024.

Requírese que se presten os servizos de estimulación física e cognitiva e se rexistren as actividades físicas ou psíquicas que realiza cada persoa, para os efectos de regular as actuacións dos/as distintos/as profesionais da residencia co obxecto de normalizar os procedementos de actuación e garantir a calidade do servizo.

7º.- Constátase que no centro está exposta para información pública a seguinte tarifa: *"Terapia ocupacional: Sesión suelta 21,59 €"*

Segundo o protocolo de inspección, considéranse prestacións básicas, entre outras, o servizo de

terapia ocupacional ou animación sociocultural, indicando ademais que "o centro debe ofrecer unha programación de actividades suficiente e variada para evitar a pasividade dos/as usuarios/as e garantir o mantemento da súa autonomía".

Requírese a prestación de terapia ocupacional como servizo básico incluído no prezo contractual.

En canto á documentación:

8º.- Constátase que os datos que figuran no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) non están actualizados (en canto á):

- ocupación do centro.
- Persoal

Segundo establece o artigo 6, a) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia: *"As entidades prestadoras de servizos sociais, inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais están obrigadas a manter actualizados permanentemente os datos que obren no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais"*. Requírese que procedan á súa actualización.

9º.- Non constan publicados no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais -RUEPSS- a memoria de actividades da entidade do ano 2023, nin o control de legalidade do ano 2024

Requíreselle a actualización dos datos no RUEPSS é lémbreselle que de acordo co artigo 6.b) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, *"As entidades prestadoras de servizos sociais inscritas no RUEPSS están obrigadas a acreditar no primeiro trimestre do ano o mantemento das súas actividades mediante a presentación no RUEPSS da memoria de actividades do ano anterior. Unha vez incorporada, a memoria anual poderá consultarse por todos/as os/as cidadáns. A falta de acreditación da memoria durante dous anos consecutivos, determinará a cancelación de oficio da inscrición da entidade no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais."*

Por outra banda, consonte co artigo 80º.a) da Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia, considérase infracción leve *"As irregularidades de carácter formal no cumprimento da normativa vixente en materia de servizos sociais."*

10º.- No centro contan cunha ocupación de 123 persoas usuarias, mentres que na aplicación CENRES (CENso de RESidentes), só aparecen rexistradas 57.

Requíreselle a actualización dos datos no CENRES é lémbreselle que de acordo co artigo 7.3) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, modificado polo Decreto 21/2024, do 1 de febreiro, *"O rexistro de persoas usuarias a que se refire a letra c) do número 1, no caso dos centros residenciais de persoas maiores e de persoas con discapacidade, realizarase en soporte dixital mediante o sistema facilitado pola Administración autonómica ..."*

Os feitos constatados que se sinalan nesta acta poden ser constitutivos de infraccións en materia de servizos sociais tipificadas nos artigos 79 e seguintes da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos

Sociais de Galicia.



Requírese para que no prazo de dez días se leven a cabo as actuacións precisas para emendar os incumprimentos constatados e acreditar documentalmente a súa emenda.

A contestación a este requirimento debe presentarse de forma electrónica, de acordo co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e no artigo 10.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

A presentación pódese facer no Rexistro Electrónico Xeral dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal/>, mediante o procedemento **PR004A** - Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado. A contestación debe dirixirse á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social. O código de identificación da unidade que tramita o expediente é **A12X01287**.

Na contestación ao requirimento debe facer constar **o código do persoal inspector**.

Infórmase de que non atender este requirimento pode ser considerado obstrución ao labor inspector, tipificado como infracción grave en materia de servizos sociais, de acordo co disposto no artigo 81 k) da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Unha vez realizada a inspección, iniciada ás 10,30 horas e rematada ás 14,00 horas, en presenza de , con DNI , en calidade de Directora, remítese copia a través de Notifica.gal

O persoal inspector

